# Un futuro con varias vías

*Xulio Ríos* (AGN, 05/04/2009)




**Fronte ao capitalismo tradicional, que receita medidas igualmente tradicionais para recuperar a senda do crecemento e evitar os negros augurios de crise social e a degradación da economía global, emerxen outras hipóteses e rumbos que complementan o discurso superador con outro de corte nacionalista e ata civilizatorio.** [Foto: Barack Obama no Cuminio do G-20 en Londres, o 2 de abril de 2009].

A reconstrución da economía de mercado deu un novo impulso no cumio do G-20. Ante a persistencia da estupefacción, a multiplicación das críticas, pero tamén a falta de alternativas cribles, trátase de establecer controis e lindeiros que fixen freos a uns desequilibrios que se desvelaron como estruturais e insoportables mesmo para garantir algo tan elemental como a sorte do planeta, tanto en termos materiais como morais. Pero nesa reconstrución pode que non haxa tanta unanimidade nin uniformidade como se pensaba inicialmente. O directorio do mundo, que se iniciara con aquel primitivo G-7, hoxe, en virtude do proceso de mundialización, é máis plural e diverso e debe alargar as responsabilidades e pluralizar as opinións. O criterio delimitador básico segue a ser o mesmo, é dicir, o peso económico dun país concreto, pero os pareceres para evitar un agravamento da crise están máis diversificados e menos xerarquizados. Así, fronte ao capitalismo tradicional, que receita medidas igualmente tradicionais para recuperar a senda do crecemento e evitar os negros augurios de crise social e a degradación da economía global, emerxen outras hipóteses e rumbos que complementan o discurso superador con outro de corte nacionalista e ata civilizatorio.

Nesa outra ponla do escenario que lembra o xurdimento da crise no templo por excelencia do capitalismo e que reivindica agora o seu dereito a distanciarse e a buscar fórmulas autóctonas, avanza un sistema diferente, tanto no económico como no político, coa aspiración de superar mellor as consecuencias da crise e aproveitándoa non soamente para reforzarse cara dentro e cara fóra senón para concibir e propoñer un novo modelo de economía con mercado, fundado sobre outros valores e convencido de que as opcións de futuro están dentro, pois os modelos occidentais (sexa estadounidense ou o soviético das antípodas) acaban por fracasar de forma estrepitosa. Polo de pronto, China, líder desa outra expresión, a resultas da crise converterase neste ano na segunda economía do mundo, adiantando a Xapón un lustro antes do previsto. O máis paradoxal e sorprendente desta curiosa transformación alternativa baseada no relativismo oriental é que vai ser conducida polo Partido Comunista máis numeroso do mundo. Atentos ao que poida dar de si.

*Xulio Ríos, director do Igadi.*

06/04/2009 (c) Igadi, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, www.igadi.org
http://www.igadi.org/artigos/2009/xr_un_futuro_con_varias_vias.htm